

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2010

<b>ASUNTO</b>	<b>Visita institucional do comité organizador da 36ª Reunión Anual da Sociedad Nuclear Española á Cámara de Comercio de Santiago de Compostela</b>
<b>ORGANIZA</b>	<b>Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela</b>
<b>ASISTENTES</b>	<b>Jesús Asorey</b> <i>presidente da Cámara de Comercio</i> <b>Pedro Ortega</b> <i>presidente do Comité Organizador</i> <b>Antonio González</b> <i>membro do comité organizador da Reunión anual da Sociedad Nuclear Española e director técnico do Foro de la Industria Nuclear Española</i> <b>José Luis Elviro</b> <i>secretario xeral da Sociedad Nuclear Española</i> <b>Filomena Casal</b> <i>secretaria xeral da Cámara de Comercio</i>
<b>LUGAR</b>	<b>Cámara de Comercio de Santiago</b> <i>San Pedro de Mezonzo, 44 –SANTIAGO–</i>
<b>DATA</b>	<b>Mañá xoves, 6 de maio</b>
<b>HORA</b>	<b>17:00 horas</b>

## **O comité organizador da Reunión Anual da Sociedad Nuclear Española, que se celebrará en Santiago o próximo mes de outubro, visita a Cámara de Comercio de Santiago**

O presidente da Cámara de Comercio de Santiago, **Jesús Asorey**, e a secretaria xeral da Cámara, **Filomena Casal**, manterán mañá xoves, 6 de maio, un encontro institucional co comité organizador da 36ª Reunión Anual da Sociedad Nuclear Española (SNE) formado polo seu presidente, **Pedro Ortega**; e outro membro, o director técnico do Foro de la Industria Nuclear Española, **Antonio González**; ademais do secretario xeral da SNE, **José Luis Elviro**. Na visita, os membros do comité presentarán as liñas de traballo da SNE, ademais de propoñer unha posible colaboración coa Cámara de Comercio para a cita do mes de outubro.

A 36ª Reunión Anual da Sociedad Nuclear Española celebrarase entre o 6 e 8 de outubro no Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (Santiago), e terá unha afluencia de máis de 500 asistentes. Este congreso, de carácter estatal e internacional, conta coa participación de expertos, profesionais, investigadores, profesores e autoridades relacionados coa enerxía nuclear.